



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Socioloxía do Turismo	Código	662G01001	
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Profesorado	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo da materia é estudar as teorías que explican os comportamentos dos actores turísticos, coñecer modelos de planificación para o desenvolvemento turístico sostible, describir procedementos de elaboración de produtos turísticos, así como adquirir coñecementos mínimos para saber avaliar socialmente a repercusión do turismo.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios nos contidos da materia. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican As clases e atención de dúbidas sobre os temas impartidos fanse a través de Teams. As titorías de traballos faranse a través de Teams e dun foro en Moodle, para o envío dos avances nos traballos de grupo faranse a través de moodle. A exposición do traballo en grupo faranse por Teams. Algunhas das tarefas serán adaptadas máis cara a reflexión individual e grupal ao carecer da práctica presencial en clase. O visionado de películas para o seu traballo posterior, faranse a través de Moodle, debido a que se facilitará o enlace directo a mesma. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A través de Moodle, Teams e enderezo electrónico. 4. Modificacións na avaliación Práctica: 60% Teoría: 40% (a través dunha proba) *Observacións de avaliación: Para o alumnado que non houbera seguido a avaliación continua desde o inicio do curso, estará obrigado a entregar todas as tarefas requiridas ao longo do curso nas datas que se indiquen, antes da data de peche da acta de xuño. Modalidade online: Para a modalidade online, contemplada na Memoria de Grao, seguiranse os mesmos criterios de avaliación, dado que non poden ter exames presenciais. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



- O alumno debe saber definir as teorías que expliquen os comportamentos dos turistas e dos actores (empresarios, administración, etc.) do sistema turístico.	A1	B1	C1
- Saber formular modelos prácticos de planificación para o desenvolvemento turístico sostible.	A3	B2	C2
- Saber como se constrúe un produto turístico, a imaxe que se proxecta e como se percibe.	A5	B3	C3
- Saber avaliar socialmente a repercusión do turismo para os turistas e para sociedades receptoras	A7	B4	C4
	A19	B5	C5
	A23	B6	C6
	A27	B7	C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. As distintas concepcións sociolóxicas da realidade aplicadas ao turismo.	1.1 Opción multiparadigmática e integrada. 1.2 Paradigmas consenso-conflito 1.3 Outras teorías aplicadas ao turismo
2. Métodos e técnicas de investigación aplicados ao turismo	2.1 Metodoloxía pluralista 2.2 Métodos cuantitativos e cualitativos 2.3 Técnicas de recollida e tratamento de datos dos devanditos métodos 2.4 Fases do método cuantitativo-dedutivo aplicado ao turismo
3. Cambio social e turismo: a evolución do turismo en relación cos grandes cambios sociais	3.1 Turismo de nobreza y de burguesía 3.2 Turismo de masas 3.3 Turismo del siglo XXI
4. Tendencias do turismo no futuro	4.1 Tendencias segundo a OMT 4.2 Riscos mundiais ou locais e posibles variacións das previsións turísticas 4.3 Sociedades da información
5. As funcións do turismo para os turistas. as motivacións dos turistas.	5.1 Funciones do turismo: perspectiva da liberación e realización humanas, perspectiva crítica. 5.2 As motivacións dos turistas
6. A construción social dos produtos turísticos	6.1. Fases na construción social dos recursos-productos turísticos e das necesidades dos turistas. 6.2. Obxetivación dos recursos turísticos. Perspectiva da autenticidade. 6.3. O ciclo de vida dos recursos-productos-destinos turísticos
7. Repercusións do turismo no desenvolvemento integral das sociedades	7.1. O paradigma do desenvolvemento integral do espazo social. 7.2. Distintos capitais que contribuen ao desenvolvemento integral. 7.3. Metodoloxía de análise.
8. Os plans estratéxicos de desenvolvemento turístico: contidos, estrutura e metodoloxía	8.1. Modelos de planificación turística 8.2. Contidos e estrutura do plan 8.3. Metodoloxía 8.4. Exemplos de plans turísticos
9. Imaxe proxectada e percibida dos produtos turísticos	9.1 A creación da imaxe proxectada 9.2 A imaxe percibida, satisfacción e comportamento do consumidor
10. O comportamento do consumidor turístico	10.1 Estudos macrosociolóxicos da demanda turística 10.2 Estudos microsociolóxicos

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	30	40
Proba mixta	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C4 C5 C6 C7 C8	2	6	8
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4 C5 C6 C7 C8	25	37.5	62.5
Estudo de casos	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4 C5 C6 C7 C8	5	12.5	17.5
Lecturas	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C5 C6 C7 C8	5	15	20
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao longo do curso o alumno deberá realizar un traballo en grupo sobre un tipo de turismo (a elixir) onde se analizará dende a perspectiva sociolóxica: concepto, breve evolución histórica, variables a analizar dende diferentes paradigmas de estudo e implicacións do estudo. Farase seguimento e control dos traballos tutelados nas titorías. O traballo está suxeito a exposición oral. Modalidade online: Ao longo do curso o alumno realizará un traballo individual sobre un tipo de turismo (a elixir) onde analizarase dende a perspectiva sociolóxica: concepto, breve evolución histórica, variables a analizar dende diferentes paradigmas de estudo e implicacións do estudo. Farase seguimento e control do traballo tutelado.
Proba mixta	Exame mixto de dúas partes: test e preguntas de desenvolvemento
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais expoñeranse as teorías e fundamentos claves para a adquisición de coñecementos nesta materia. Modalidade online: Facilitaranse os contidos dos temas en formato pdf a través da aplicación de Moodle.
Estudo de casos	Visionado de películas ou audiovisuais que tratan o turismo dende unha perspectiva sociolóxica. Despois da súa análise haberá que contestar a unhas cuestións concretas sobre esta. Esta parte será formulada e resolta nos seminarios. Modalidade online: As dúbidas que xurdan nesta parte resolveranse nas titorías online e no foro.



Lecturas	Análise sobre lecturas que tratan algúns exemplos de casos turísticos dende a vertente sociolóxica. Haberá que contestar a unhas cuestións concretas sobre as lecturas. Esta parte será formulada e resolta nos seminarios. Modalidade online: As dúbidas que xurdan nesta parte resolveranse nas titorías e no foro.
----------	---

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Traballos tutelados Estudo de casos	Ao longo do curso o alumno deberá realizar un traballo en grupo sobre un tipo de turismo (a elixir) onde se analizará dende a perspectiva sociolóxica: concepto, breve evolución histórica, variables a analizar dende diferentes paradigmas de estudo e implicacións do estudo. O traballo está suxeito a exposición oral. Visionado de películas ou audiovisuais que tratan o turismo dende unha perspectiva sociolóxica. Despois da súa análise haberá que contestar a unhas cuestións concretas sobre esta. Esta parte será formulada e resolta nos seminarios. Análise sobre lecturas que tratan algúns exemplos de casos turísticos dende a vertente sociolóxica. Haberá que contestar a unhas cuestións concretas sobre as lecturas. Esta parte será formulada e resolta nos seminarios. Todos os traballos, estudos de casos e lecturas supoñen un control e seguimento que traballa nas titorías en pequenos grupos en clase ou a través de teams. Modalidade online: En caso de dúbidas, acláranse nas titorías online. Todos os traballos, estudos de casos e lecturas supoñen un control e seguimento que trabállase no foro e nas titorías a través de teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C5 C6 C7 C8	Análise sobre lecturas que tratan algúns exemplos de casos turísticos dende a vertente sociolóxica. Haberá que contestar a unhas cuestións concretas sobre as lecturas. Esta parte será formulada e resolta nos seminarios. Modalidade online: As dúbidas que xurdan neste tipo de tarefas resolveranse nas titorías online e no foro (ver traballos tutelados).	10
Traballos tutelados	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Ao longo do curso o alumno deberá realizar un traballo en grupo sobre un tipo de turismo (a elixir) onde se analizará dende a perspectiva sociolóxica: concepto, breve evolución histórica, variables a analizar dende diferentes paradigmas de estudo e implicacións do estudo. O traballo está suxeito a exposición oral. Modalidade online: Ao longo do curso o alumno realizará diferentes tarefas individuais como participación en foros, visionado de películas, comentarios de texto, etc, relacionado cos diferentes contidos dos temas. Farase seguimento e control do traballo tutelado. Calificación 40%	20
Proba mixta	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C4 C5 C6 C7 C8	Exame mixto de dúas partes: test e preguntas de desenvolvemento.	60



Estudo de casos	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4 C5 C6 C7 C8	Visionado de películas que tratan o turismo dende unha perspectiva sociolóxica. Despois da súa análise haberá que contestar a unhas cuestións concretas sobre esta. Esta parte será formulada e resolta nos seminarios. Modalidade online: As dúbidas que xurdan neste tipo de tarefas resolveranse nas titorías online e no foro (ver traballos tutelados).	10
-----------------	---	--	----

Observacións avaliación

Modalidade presencial:

Traballos tutelados, estudo de casos e lecturas son traballos obrigatorios para a avaliación e o alumno terá que obter un mínimo de 4 para facer media co exame, sempre e cando a media de ambas partes sumen un aprobado (5)

1ª Oportunidade: a parte práctica ten un valor dun 40%, a parte teórica ten un valor dun 60%. Aqueles que non teñan un mínimo dun 4 na parte práctica teñen que facer un exame dun 100% de cualificación para ambas partes.

Permítese unha dispensa de asistencia máxima dun 20%. A partires do 20% as ausencias teñen que xustificarse por motivos de traballo, prácticas ou enfermidades, de non ser así, pode quedar afectado a porcentaxe de avaliación de ambas as partes

2ª Oportunidade: gárdase a nota da parte práctica de traballos obrigatorios feitos, no caso de ter mínimo un 4 na mesma, durante o curso.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, solicitada oficialmente poderá facer os traballos obrigatorios non presenciais, e facerlos chegar ao profesor para a súa avaliación, estes alumnos terán que facer o examen dun 80% sempre que chegen a un mínimo dun 4 na parte práctica. No caso de non aprobar os traballos, o exame será sobre a cualificación dun 100%.

Modalidad online:

Traballos tutelados, estudo de casos e lecturas son traballos

obrigatorios para a avaliación e o alumno ten que obter un mínimo

dun 4 para facer media co exame, sempre e cando a media de ambas partes sumen un aprobado (5)

1ª Oportunidade: a parte de

actividades online ten un

valor dun 40%, a parte de exame teórico ten un valor dun 60%. Tense que obter un mínimo dun 4 na parte online para facer media coa parte do exame teórico cun valor dun 60%.

2ª Oportunidade: gárdase a nota da parte de actividades online obrigatorias realizadas, no caso de ter mínimo un 4 na mesma, durante o curso (40%). O exame teórico ten un valor do 60%.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Alvarez Sousa, Antonio (2011). Teoría sociolóxica y turismo. A Coruña, Netbiblo - Alvarez Sousa, Antonio (2009). Sociología del Turismo. Madrid, Centro de Estudios Financieros - Alvarez Sousa, Antonio (1994). El ocio turístico en las sociedades industriales avanzadas. Barcelona, Bosch Casa Editorial - Huertas Roig, Assumpció (2014). Comunicación de los territorios, los destinos y sus marcas. Editorial UOC - Mazón Martínez, Manuel Tomás (2001). Sociología del Turismo. Editorial Universitaria Ramón Areces - Muntaner Montejano, Jordi (2014). Psicosociología del Turismo. Editorial Síntesis
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	- Bourdieu, P (1989). La distinción. Madrid, Taurus - Dumazedier, Kaes René y otros (1971). Ocio y sociedad de clases. Barcelona, Fontanella - Goffman, Erving (1971). La presentación de la persona en la vida cotidiana. Buenos Aires, Amorrortu - Knebel, H. J. (1960). Sociología del Turismo. Cambios estructurales en el turismo. Editorial Hispano Europea - Kuhn, T (1975). La estructura de las revoluciones científicas. México, Fondo de Cultura Económica - Maslow, A.H. (1963). Motivación y personalidad. Barcelona, Sagitario - Molina, S. (2006). El posturismo, Turismo y posmodernidad. Editorial Trillas - Rial Boubeta, A (2008). Una aplicación turística para el estudio de la imagen de marca de un destino turístico. Pasos, Vol 6 - Ritzer, G. (1993). Teoría sociológica contemporánea. México Mc Graw-Hill - Veblen, T. (1971). Teoría de la clase ociosa. México, Fondo de Cultura Económica
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas/662G01005

Introdución ao Turismo/662G01009

Materias que continúan o temario

Márketing Turístico/662G01016

Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo/662G01024

A Imaxe dos Produtos e Destinos Turísticos nos Medios de Comunicación/662G01046

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías